


## PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA



Ed. OOO

### “Maruxa”

Maruxa decide darlle unha lección ao seu marido. Astuta, e cunha gran habilidade no manexo da retranca, logrará que Pepiño tome consciencia de que o traballo da casa está mal repartido e consegue que cambie de actitude.

### “Te quiero (casi siempre)”

Lolo e Rita son moi distintos, por iso ás veces moléstanse. Un exemplo de como as relacións de amor se teñen que construír dende o respecto e a aceptación das diferentes personalidades dos/as que as forman.



Ed. Planeta



Ed. Linteo

### “Que tal, vexetal? Alimentos con sentimentos”

Para as ilustracións deste libro, os autores percorreron os mercados da zona metropolitana de Nova York buscando froitas e verduras expresivas, dando como resultado esta magnífica obra.

### “Yo mataré monstruos por ti”

Martina ten medo polas noites. Cre que baixo o chan da súa habitación escóndese un mundo habitado por monstruos que camiñan coa cabeza cara abaixo. Que pasaría se a fronteira entre ambos mundos se rompera?



Ed. Principal de los Libros

## TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA




Ed. Xerais

### “Paseniño, paseniño”


Os poemas de Antonio García Tejedor dialogan coas excepcionais ilustracións de Marcos Viso. Este libro de poemas destila emoción, evocación e coñecemento. Logra crear unha atmosfera abraiante e irrepitible.

### “Federico García Lorca para niños”

Lorca sempre tivo un especial amor pola infancia, e nestas páxinas, deliciosamente ilustradas, reúnense versos sublimes xunto a outros máis sinxelos inspirados ou dedicados ás nenas e nenos.



Ed. Susaeta



Ed. Galaxia

### “O Princiño”

Este é un libro fundamental da literatura universal. Trata a historia dun neno príncipe, que abandona o seu reino desenganado dunha flor da cal está namorado. Na viaxe que emprende por diferentes planetas coñece interesantes personaxes e adquire importantes aprendizaxes.


### “Mi primer Quijote”

Este libro aborda as aventuras do cabaleiro Don Quijote e o seu escudero Sancho Panza dunha maneira emocional, amena e rigorosa. Inclúense os 52 capítulos da primeira parte da obra orixinal e practicamente todos os personaxes e anécdotas narrativas.



Ed. Espasa

## QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA




Ed. Xerais

### “Kusuma”

Kusuma é unha faisán femia procedente da selva de Kaltim, que se ve obrigada a marchar debido á acción destrutiva do ser humano. Buscando un futuro mellor para ela e seus pitiños, cruza medio mundo ata chegar a Galicia. Pero alí as cousas non van ser doadas.

### “Laboratorio portátil de escritura”

Serías capaz de converter o conto da Cincenta nun relato de humor? E de escribir unha carta antes de ser raptado/a por uns marxianos? Neste laboratorio todo é posible.



Ed. Tres Tigres Tristes




Ed. Xerais

### “Mamá, quero ser Ziggy Stardust”

Aine, de maior, sería igual que Ziggy Stardust, un músico marxiano que podía ser todo o que lle dese a gana. Coa axuda de Thomas, o seu inseparable amigo imaxinario, íao lograr.

### “Los cinco detectives 1: Misterio en la villa incendiada”

Algo cheira a chamusquina... e se o incendio na vila do antipático señor Hicks non foi un accidente? Pip, Bets, Larry, Daisy e o seu novo amigo Fatty, están decididos/as a descubri-lo!



Ed. Molino

## EDUCACIÓN INFANTIL



Ed. Kalandraka

### “Non hai berce coma o colo”

Un libro-disco de arrolos tradicionais, xoias melódicas do noso patrimonio oral e musical. Cómpre conservar esta riqueza e seguir adurmiñando ás nenas e nenos con estes cantos de berce procedentes de puntos diversos da xeografía galega.

### “¿De qué color es un beso?”

A Mónica encántalle pintar mil cousas de cores: xoaniñas vermellas, ceos azuis, plátanos amarelos, etc. Pero nunca pintou un bico, de que cor será?, como poderá descubri-lo?



Ed. Algar



Ed. Kalandraka

### “Un, dous, tres, vampiro ti es”

Encadeando inquietantes criaturas e rimando cunha aterradora fauna. Personaxes que, máis que medo, provocan tenrura e fannos sorrir.

### “El sueño de chocolate”

É a historia dun canciño que busca un fogar. Un conto que sensibiliza e conciencia sobre a tenencia responsable e o respecto aos animais, estes seres que nos brindan lealdade e amor incondicional.



Ed. Cuento de Luz

## PROXECTO “AS EMOCIÓN”



Ed. Planeta

### “Cuentos para quererte mejor”

A autestima é a ferramenta máis importante coa que contamos para circular felices pola montaña rusa da vida. As 35 historias deste libro ensinan a cultivar este poder dende a infancia, despertando a imaxinación, o humor, o amor e a aceptación do que cada quen é.

### “Bo día, acougo”

Inspirado na ximnasia do cerebro, este libro propón catro exercicios de relaxación, con movementos e palabras, que axudarán ás nenas e nenos a reconciliar corpo e mente para atopar a calma.



Ed. Tambre



Ed. Lectorum

### “Qué hacer para desarrollar la autoestima en los niños de 6 a 12 años”

Este libro axudará ás familias a achegarse aos seus fillos/as aprendendo a tratalos con consideración, respecto e axudándolles a desenvolver a súa autoestima dunha forma adecuada.

### “Fábulas de Esopo”

Hai máis de 2.500 anos que o escravo Esopo, un famoso personaxe da Grecia clásica, escribiu as súas fábulas. Dende entón, estas breves historias protagonizadas principalmente por animais personificados que falan, difundíronse ao longo dos séculos en todas as linguas e por todo o mundo.



Ed. Kalandraka



# GUÍA DE LECTURA

C.E.I.P. de Carnota

Curso 2018/19



## BO NADALI!

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



